# O activismo toma as aulas galegas

## Arranca Activistas polo Mundo que queremos, un proxecto educativo que busca xerar conciencia crítica na xuventude.

<u>**Santiago, 13 de novembro de 2023**</u>. Mañá martes dará comezo unha nova edición do proxecto de educación en valores "Activistas polo Mundo que Queremos" que busca xerar activismos xuvenís nos eidos do feminismo, o medio ambiente, o antirracismo e a loita LGTBI en centros educativos das catro provincias galegas.

Nos seus 11 anos de historia o proxecto chegou xa a máis de 4800 mozos e mozas, a 276 profesores e profesoras e a 62 centros educativos, a os que se suman seis centros nesta nova edición.

Mañá arranca o proxecto no IES Plurilingüe Pedra da Aguia na Ponte do Porto en Camariñas e o mércores será a quenda do IES Campo de San Alberto en Noia. Nos vindeiros días incorporaránse tamén os centros IES Ramón Cabanillas de Cambados, o IES A Basella de Vilanova de Arousa, o IES O Couto da cidade de Ourense e o IES Lois Peña Novo de Vilalba.

Nesta primeira toma de contacto, os case catrocentos estudantes que participan este ano achegaranse a o concepto de "activismo", en torno ao que xira o proxecto, cun itinerario composto por sete obradoiros denominados "paradas", que se desenvolverán ao longo de todo o curso escolar. O obxectivo final consiste en formar unha cidadanía activa e crítica, que identifique e combata as ameazas arredor da convivencia.

O percorrido didáctico que realizará o alumnado mestura a formación presencial coa online e establece as seguintes paradas:

- Parada 1 (presencial). Novembro. Que significa ser activista? Primeiro obradoiro para dar a coñecer o proxecto, a aula virtual e os conceptos cos que imos traballar.
- Parada 2 (presencial). Decembro. Comunicación transformadora. Analizamos os medios de comunicación de masas e as redes sociais dende unha perspectiva crítica.
- Parada 3 (virtual). Xaneiro. Os activismos. A rapazada achégase ás principais desigualdades (medioambiental, feminista, antirracista e LGTBI) e coñece as maneiras de actuar na súa contorna a nivel local contra problemas que teñen repercusión global.
- Parada 4 (virtual). Febreiro. Guións radiofónicos. Creamos os guións para as nosas pezas radiofónicas, dedicadas a un dos catro activismos propostos.
- Parada 5 (presencial). Marzo. Obradoiro de radio. O alumnado crea o seu propio programa de radio de combate, que se grava de maneira conxunta na aula.
- Parada 6 (virtual). Abril. Outros contextos sociais. Coñecemos a loita de activistas procedentes doutras partes do mundo.

- Parada 7 (presencial). Abril. Encontros con activistas do Sur. Persoas implicadas nas loitas contra as diferentes desigualdades tratadas co alumnado visitan os centros educativos e achegan os seus desafíos e as ferramentas empregadas para combatelos.

Estas sete paradas son froito da colaboración das catro entidades implicadas neste proxecto: As ONGDs Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e a cooperativa Feitoría Verde, co financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Forma parte da plataforma de innovación educativa 'Plan Proxecta', impulsada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.